

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 12 DE ABRIL DE 2016, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA O PAGAMENTO DO 25,14% (46 días) DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012

O 4 de abril de 2016 publicouse no DOG o anuncio da Consellería de Facenda polo que se lle dá publicidade ao procedemento para aplicar o disposto na Lei 12/2015 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario, en concepto de recuperación da paga extraordinaria de decembro de 2012, aos empregados do sector público autonómico de Galicia.

A disposición adicional décimo cuarta da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, dispón que o persoal do sector público autonómico definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, afectado pola Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, percibirá durante o exercicio de 2016 unha retribución de carácter extraordinario, en concepto de recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, do 49,73% dos importes efectivamente deixados de percibir por aplicación do mencionado Real decreto lei 20/2012.

A dita recuperación realizarase en dúas partes:

- No mes de abril aboarase o 25,14%, que se corresponde coa parte proporcional a 46 días da paga extraordinaria, paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais do mes de decembro de 2012. Naqueles casos en que non procedese o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional, os referidos 46 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que correspondesen.
- No mes de setembro aboarase a parte restante da paga extraordinaria, paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais do mes de decembro de 2012 non recuperadas nos pagamentos anteriores.

A Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, na súa disposición adicional décimo cuarta. Dous. establece que as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar a recuperación da supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012, co contido e alcance sinalados no punto anterior. Para os citados efectos, as transferencias do fondo incondicionado do sistema universitario de Galicia incrementaranse nun 49,73% dos importes reducidos a cada entidade por aplicación da disposición adicional quinta da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público.

Por todo o exposto, a Xerencia da Universidade da Coruña, unha vez recibida a comunicación da Xunta de Galicia da transferencia necesaria para atender o primeiro pagamento, é dicir o 25.14%, dita as seguintes instrucións:

PRIMEIRA: recoñecer a todos/as os/as traballadores/as da UDC afectados pola redución salarial que dispón o Real decreto lei 20/2012, o dereito a percibir o 25.14% dos importes efectivamente deixados de percibir.

SEGUNDA: o pagamento do 25.14% farase efectivo no mes de abril de 2016. A parte restante, prevista no anuncio da Consellería de Facenda para o mes de setembro de 2016, aboarase unha vez recibida nesta Universidade a comunicación da correspondente transferencia por parte da Xunta de Galicia.

TERCEIRA: este aboamento atenderá ás seguintes regras:

- As contías que se liquiden constitúen percepcións correspondentes ao exercicio 2016.
- En ningún caso a liquidación realizada conforme a esta resolución poderá superar a parte correspondente ás cantidades deixadas de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria.
- Naqueles casos en que non procedese o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 aboarase o 25.14% da contía que lle corresponda pola parte proporcional da paga.
- Naqueles casos en que por calquera circunstancia xa se percibise unha contía igual ou superior ao importe que corresponda aos 44 primeiros días da paga mais ao importe correspondente ao 25.14% do deixado de percibir por este concepto, non procederá practicar ningunha liquidación.
- Ao persoal que non se atope en situación de servizo activo ou asimilado na data de entrada en vigor desta instrución, ou que perdeu a condición de empregado público, aboaráselle as contías a que teña dereito tras unha petición dirixida á Xerencia; no caso de que o persoal de que se trate falecese, a petición deberá ser formulada polos seus herdeiros.
- A regularización do tipo de retención do IRPF que proceda realizar de acordo co disposto, calcularase segundo o previsto no art. 87 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

A Coruña, 12 de abril de 2016

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada